



## CONCELLO DE CHANTADA

---

**EXPEDIENTE: 101/2021**

**OBXECTO: RENDIÇÃO DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2020.**

Dona María Yebra-Pimentel López, Funcionaria de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional en cumprimento do disposto no artigo 4 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se establece o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional e no exercicio das funcións de control financeiro permanente establecidas no RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se establece o Réxime Xurídico do Control Interno das Entidades do Sector Público Local emite o seguinte

### INFORME

#### ANTECEDENTES

Remítome á documentación obrante no expediente.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

Fundamentalmente, resulta de aplicación a seguinte normativa:

- RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Lócal (LRBRL).
- RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I da LRFL (RD 500/1990).
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrucción do Model Normal de Contabilidade Local (ICAL normal).

#### FUNDAMENTOS

**Primeiro.-** Segundo os artigos 200 e seguintes do TRLRFL as Entidades Locais están suxeitas ao réxime de contabilidade pública nos termos establecidos nesta Lei. A suxeición ao réxime de contabilidade pública conleva a obriga de render contas das respectivas operacións, calquera que sea a súa natureza, ao Tribunal de Contas.

**Segundo.-** As Entidades Locais á finalización do exercicio orzamentario, formarán a conta xeral que porá de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario. Os estados e contas da entidade local serán rendidos polo seu presidente antes do día 15 de maio do exercicio seguinte ao que correspondan. A conta xeral, formada pola Intervención será sometida antes do día 1 de xuño ao Informe da Comisión Especial de Contas

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 5GH4RDM5ZSSYPNTZPJA3W5VPY | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



## CONCELLO DE CHANTADA

---

da Entidade Local, que estará constituída por por membros dos distintos grupos políticos integrantes da Corporación. A Conta Xeral co informe da Comisión Especial de Contas será exposta ao público por prazo de 15 días, durante os cales e oito máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións. Examinados estes pola Comisión Especial e practicadas pola mesma cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe. Acompañada dos informes da Comisión Especial de Contas e das reclamacións e reparos formulados, a conta xeral someteráse ao Pleno da Corporación, para que no seu caso, poda ser aprobada antes do día 1 de outubro. As Entidades Locais renderán ao Tribunal de Contas a Conta Xeral debidamente aprobada.

**Terceiro.-** A terceira parte do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local refírese ás contas anuais, sinalando que as contas anuais comprenden o balance, a conta do resultado económico patrimonial, o estado de cambios do patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo, o estado de liquidación do orzamento e a memoria. Estes documentos forman unha unidade e deben ser redactados con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico-patrimonial e da execución do orzamento da Entidade Local de conformidade co Plan de Contas.

O Balance comprende, coa debida separación, o activo, o pasivo e o patrimonio neto da entidade.

A conta do resultado económico-patrimonial recolle o resultado económico-patrimonial obtido no exercicio e está formada polos ingresos e gastos do mesmo, excepto cando proceda a súa imputación directa ao patrimonio neto dacordo co previsto nas normas de recoñecemento e valoración.

O estado de cambios no patrimonio neto dividiráse en tres partes: estado total de cambios no patrimonio neto; estado de gastos e ingresos recoñecidos e estado de operacións coa entidade ou entidades propietarias.

O estado de fluxos de efectivo informa sobre a orixe e destino dos movementos habidos nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes, e indica a variación neta das mesmas sufrida no exercicio.

O estado de liquidación do orzamento comprende, coa debida separación, a liquidación do orzamento de gastos, a liquidación do orzamento de ingresos e o resultado orzamentario.

A Memoria completa, amplía e comenta a información contida nos outros documentos que integran as contas anuais.

### OBSERVACIÓNS

---

## CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 5GHRDMZSSYPNTZPJAZ3W5VPY | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



## CONCELLO DE CHANTADA

---

**Primeira.-** Recoméndase a elaboración dun inventario municipal de bens, aos efectos dun axeitado reflexo contable do inmovilado e das amortizacións do mesmo.

**Segundo.-** Recoméndase levar a cabo un expediente de depuración de saldos contables aos efectos do reflexo da imaxe fiel da situación económico-financeira do Concello.

### CONCLUSIÓN

A conta xeral incorpora documentación suficiente para a súa aprobación e rendición, non obstante, deberán adoptarse medidas para un adecuado reflexo contable das operacións, como a indicada para o inmovilizado.

Chantada, na data da sinatura dixital

A Interventora

María Yebra-Pimentel López

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, Nº 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102



Cod. Validación: 5GHRDM5ZSSYPNTZPJA3W5YPY | Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3